



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

Asunto: Aprobación bases e convocatoria de procedemento de selección personal para o Concello de Malpica de Bergantiños.

En data de 1 de marzo de 2018, dítase Providencia de Alcaldía xustificativa da necesidade de convocatoria do procedemento de selección de personal (funcionario interino) mediante oposición para ocupar unha praza de auxiliar administrativo, grupo C, subgrupo C2, escala: Administración Xeral, Subescala: Auxiliar Administrativa, ata a reincorporación do seu titular actualmente en situación administrativa de servicios especiais, e ao mesmo tempo para a configuración dunha bolsa de emprego, ao abeiro do previsto no artigo 10.1 b) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Consta certificado de existencia de crédito da Intervención do Concello emitido en data de 05.03.2018.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local en data de 05.03.2018 dítase resolución de Alcaldía nº 132/2018 en virtude da cal se aproban as bases reguladoras do procedemento de selección indicado (bases) que a continuación se transcriben e se procede a efectuar a convocatoria do mesmo mediante a publicación do presente anuncio.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/ UNHA FUNCIONARIO/A INTERNO/A, E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVO.

PRIMEIRA: OBXECTO.

1. O obxecto da convocatoria é a selección de personal (**funcionario interino**) mediante oposición para ocupar unha praza de auxiliar administrativo, grupo C, subgrupo C2, escala : Administración Xeral, Subescala: Auxiliar Administrativa, ata a reincorporación do seu titular actualmente en situación administrativa de servicios especiais, e ao mesmo tempo para a configuración dunha bolsa de emprego.

O presente proceso realizase ao abeiro do previsto no artigo 10.1 b) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en consonancia coa Providencia de incoación elaborada pola Alcaldía en xustificación do preceptuado na Lei 3/2017 de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

2. O número de prazas convocadas é de unha (1).

3. A praza terá asignadas as retribucións reflectidas no anexo de persoal do orzamentario municipal e na plantilla.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU-2000/175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4. Tipo e duración da provisión: O funcionario/a será nomeado unha vez remate o proceso de cobertura de dita praza e cesará cando a praza sexa provista por funcionario de carreira (ben por reincorporación do titular da praza, ou en caso de quedar vacante, logo da oportuna convocatoria de provisión de postos de traballo ou oferta de emprego público, sempre de acordo co que sinalen as Leis de orzamentos xerais do Estado de demais normativa aplicable).

5. Sistema selectivo e formación de bolsa de interinos:

Segundo o artigo 10.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, a selección de funcionarios interinos realizarase mediante procedementos áxiles que respetarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de oposición libre.

Así mesmo, e de acordo cos principios de igualdade, eficacia, eficiencia, adecuación do candidato/a co perfil do posto a desempeñar, estas bases terán por obxecto crear unha Bolsa de emprego para substitución temporal dos inicialmente nomeados (situacións de incapacidade temporal, permisos, así como para atender á necesidades transitorias de acumulación de tarefas ou excesos puntuais de carga de traballo (artigo 15.1 b) do ET, de conformidade co disposto na cláusula décimo segunda das presentes bases.

SEGUNDA: LEXISLACIÓN APLICABLE.

O procedemento selectivo será o de oposición e desenvolverase de acordo co previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado, aprobado polo RD 364/95 así como demais normativa aplicable, e as normas recollidas nas presentes bases.

TERCEIRA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Para ser admitido/a á realización destas probas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 da lei 7/2007 para o acceso dos nacionais doutros estados a postos na Administración Pública.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente (artigo 42 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público en Galicia).

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU - 2000175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta, que deberá acreditarse mediante a presentación de **certificado médico ou informe médico** ou ben no momento da presentación de instancia ou ao remate do proceso..

2. Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de instancias.

3. Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado **Celga 3 ou Iniciación á lingua galega como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da instancia)**

CUARTA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

1. Os que desexen tomar parte no procedemento selectivo desta praza presentarán solicitude no modelo oficial, que figura no anexo I a estas bases. Na solicitude manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

2. As solicitudes dirixíranse ao señor Alcalde-Presidente da Corporación Municipal, e presentáranse no Rexistro Xeral do Concello (Concello de Malpica de Bergantiños, Avda Emilio González, 1. 15113. Malpica de Bergantiños-A Coruña) en horario de 9:00 a 14:00 horas agás os sábados que será en horario de 10:00 a 13:00 horas, ou ben de forma telemática, a través da Sede electrónica do concello de Malpica de Bergantiños (<http://sede.malpicadebergantinos.es>), no prazo de **vinte (20) días naturais** contados dende o seguinte ao da publicación da convocatoria e presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, todo isto sen perxuízo de que o Concello para maior difusión tamén o publique noutros medios (Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, páxina web municipal).

3. Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante fax (981 721627) ou mediante correo electrónico (correo@malpicadebergantinos.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

4. Os dereitos de participación neste proceso, de conformidade co establecido no artigo 7 . epígrafe 4, da Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora da taxa polos documentos que expidan ou que entendan a administración ou as autoridades locais, fíxanse na contía en 12 euros (12,00 €), que deberán ingresarse na conta de Tesourería do Concello Malpica ES36-2080-0030-963110000041



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU - 2000175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

de Nova Galicia Banco. O xustificante do pagamento da taxa correspondente xuntarase á instancia presentada. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do aspirante. Os dereitos de exame so serán devoltos a quen non fora admitido/a ao proceso selectivo por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, isto é unicamente a aqueles aspirantes que resulten excluídos na listaxe definitiva.

5. As solicitudes deberán presentarse acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou no seu caso, pasaporte.
- Fotocopia da titulación esixida na base terceira, letra c), debendo acreditarse mediante a presentación do título oficial ou copia autenticada deste, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- Carta de pagamento ou xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame.
- O certificado/informe médico (poderá presentarse no prazo de presentación de instancias, ou en todo caso, no momento previo ao nomeamento como funcionario interino).
- As pesonas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo de da maneira normativamente establecida (mediante certificado de iniciación na lingua galega ou CELGA 3 ou equivalente) quedarán exentas da súa realización e daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto/a.

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente poderá ser requerida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsedade documnetal, será motivo de exclusión do proceso.

QUINTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes e mediante resolución da Alcaldía, aprobarase a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello, e na páxina web do Concello www.concellomalpica.com indicándose nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso. No caso de non existiren aspirantes excluídos poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, indicando a composición do tribunal cualificador e dando inicio ao proceso selectivo.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de **dez (10) días hábiles**, a contar dende a publicación no na páxina web do Concello, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da listaxe. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou non alegasen a omisión,



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos.

Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, o Alcalde ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se determinará a composición do tribunal cualificador, así como a data, hora e lugar de comezo do procedemento de selección. Resolución que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Cando da documentación que se ten que presentar, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento.

SEXTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas definitivas de admitidos/as e excluídos/as.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

O Tribunal estará composto dun Presidente, tres vocais e un secretario (titulares e suplentes). A composición será a seguinte:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Presidente (titular e suplente): Funcionario/a de calquera Administración Pública designado polo Alcalde.
- 3 Vocais (titulares e suplentes): funcionarios/as de calquera Administración Pública designados pola Alcaldía.
- Secretario (titular e suplente): a da Corporación ou funcionario de carreira do Concello de Malpica de Bergantiños.

Para os efectos de comunicación e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Malpica de Bergantiños (Avda Emilio González, 1. 15113. Malpica de Bergantiños) O tribunal disporá que nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda a cantas cuestións xurdan en relación co estas probas selectivas.

En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñen superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

Os membros do tribunal terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade eco previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

SÉPTIMA: DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de oposición libre cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

A data e máis a hora na que deberá constituírse cada tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello.

Unha vez comezadas as probas selectivas será suficiente coa exposición nos locais onde se celebren éstas e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web municipal.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 24 horas.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU-2000175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirirllles en calquera momento aos/ás concursantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola **letra G**, de conformidade có establecido na resolución da Consellería de Facenda de 17/01/2018 pola que se fai público para o ano 2018 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia(DOG de 26.01.2018) . De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

O Tribunal adoitará as medidas necesarias para garantir que os exercicios que sexan escritos e non deban ser lidos ante o órgano de selección, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de “non aptos”. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na web municipal.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, máis 5 de reserva para posibles incidencias, sobor do temario que figura como Anexo II das presentes Bases, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Práctico.

Consistirá en desenvolver por escrito, nun tempo máximo de dúas horas a/s pregunta/s plantexadas polo tribunal relacionadas co programa da convocatoria (Anexo II) e as tarefas propias da praza que se convoca. O exercicio relacionarase cun suposto/s práctico/s que deberán



CONCELLO
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

resolver ou desenvolver como exemplo do aspecto teórico. Neste exercicio avaliarase a formación xeral e académica, a claridade, a orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Corresponde ao tribunal determinar o nivel de coñecementos básico para acadar a puntuación mínima.

Terceiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Práctico.

Consistirá en desenvolver unha proba informática coa ferramenta “ Oficce”, programas Word, Excel ou Access, que determinará o tribunal antes do seu inicio, nun tempo máximo de 45 minutos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Cuarto exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega, estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo á proba que consideren máis adecuada (podendo ser lectura, escritura, tradución directa ou inversa, ou conversación). Este exercicio terá unha duración máxima dunha hora.

Esta proba será obrigatoria e cualificarase como apto/non apto.

No obstante, e de conformidade co disposto na Lei 2/2009, de 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia e na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, estarán exentos da proba de galego aqueles aspirantes que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente, outorgándose neste caso a cualificación de apto.

En caso de empate na puntuación final do proceso selectivo establécese a seguinte orde de prioridade:

- 1º.- A nota máis alta no segundo exercicio da fase de oposición.
- 2º.- A nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.
- 3º.- A nota máis alta no terceiro exercicio da fase de oposición.

NOVENA. PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DE APROBADOS

Rematado o proceso selectivo, o tribunal propondrá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde de decrecente puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas.

O tribunal elaborará, tamén por orde de decrecente de puntuación, unha lista de reserva/ bolsa de interinos na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superaran o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos precisos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a poder ser nomeado, ao amparo do disposto no art. 61.8 da lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público poderá substituílo o seguinte en orde de



puntuación da lista complementaria de reserva, segundo o orde de puntuación conseguido.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O aspirante proposto para ocupar a praza convocada presentará no Concello de Malpica de Bergantiños, dentro do prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de anuncios do Concello, a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do Documento nacional de identidade ou pasaporte, documentos que en todo caso deberán estar en vigor.
- b) Fotocopia compulsada do título esixido para participar no procedemento ou xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá aportarse a documentación acreditativa da súa homologación ou convalidación. Si estos documentos fosen expedidos despois da data en que finalizou o prazo de admisión de solicitudes, deberá xustificarse o momento en que se concluíron os estudos.

- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta. (caso de non telo aportado antes)

Se no prazo indicado, e salvo causas de forza maior, non presentasen a documentación citada, quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incorrer por falsidade na súa instancia.

Presentada a documentación a que se refire o primeiro paragrafo da presente base, o Alcalde-Presidente procederá ao seu nomeamento como funcionario interino, e notificado o mesmo, o nomeado estará obrigado a tomar posesión no prazo de 10 días hábiles se non implica cambio de residencia ou do prazo de 15 días hábiles se comporta cambio de residencia (dada a urxencia na cobertura), debendo previamente prestar xuramento ou promesa de conformidade co establecido no RD 707/1979 de 5 de abril.. Transcorrido o devandito prazo sen comparecer sen causa xustificada, quedará en situación de cesante con perda de todos os dereitos derivados da oposición e do subseguinte nomeamento conferido.

Incompatibilidade:

O aspirante proposto quedará suxeito, no seu caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984 de 26 de decembro, sobre Incompatibilidades do Personal ao Servizo das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

DÉCIMO PRIMEIRA. NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, lei 39/2015 de



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Admnistracións Públicas e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende ao día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Cuarta.- O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para o boa orde deste proceso de selección.

DÉCIMO SEGUNDA: CREACIÓN DUNHA BOLSA DE INTERINOS.

Todos os aspirantes que superen o proceso de selección e non resulten aprobados, serán incluídos nunha bolsa de interinos ou reservas.

Procederase ao nomeamento de funcionario interino cando se dé algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de plazas vacantes de auxiliar administrativo, sempre que non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares.
- c) A execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis que se dicten en desenrolo do Estatuto Básico do Empregado Público.
- d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de 6 meses dentro dun período de doce meses.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na Base 3º das presentes bases.

As personas intergrantes da lista de reserva non oerderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados para substituír a/o titular , rematada a substitución, retornará ao posto que lle correspondía na lista.

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditara o cumprimento dos supostos expostos, así como a existencia de crédito orzamentario, o Alcalde-Presidente procederá ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista. O chamamento farase polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción. Unha vez feito o chamamento os interesados deberán manifestar



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a comunicación do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá acompañar á súa aceptación: declaración xurada de non estar separado de expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme, así como fotocopia da cartilla de S.S., certificado de nº de conta bancaria (IBAN) e informe médico.

A non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo, implicará que o interesado pasará a ocupar o último lugar da lista. Os interesados da bolsa poderán en calquera momento pedir a renuncia definitiva á integración nesta (a súa exclusión da lista), mediante solicitude dirixida ao alcalde-presidente.

A duración da bolsa de emprego terá unha validez de 3 anos contados dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, puidendo deogarse expresamente con anterioridade mediante a confección doutra distinta que indique a derogación da que se deriva destas bases.

Será motivo de exclusión da citada lista: A separación do servizo por sanción disciplinaria , agás que fose declarado nulo ou improcedente.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A. CORUÑA)

RELGA.MU - 2000/175 CF P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

Nome Apelido	Primeiro Apelido	Segundo
Dirección	Localidade	
Concello	Tfno./Fax	DNI

Declaro responsablemente non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, **nin atoparme inhabilitado** para o exercicio da función pública por sentenza firme.

Declaro responsablemente non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ao servizo das Administracións Públicas.

SOLICITO

Tomar parte no proceso selectivo, mediante o sistema de oposición , convocado polo Concello de Malpica de Beragantiños para a cobertura dunha (1) praza de auxiliar administrativo, como funcionario interino, facendo constar que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas Bases da Convocatoria, as cales foron publicadas no BOP núm. _____ de data _____; a estes efectos acompaño a seguinte documentación, segundo o disposto na Bases da convocatoria:

- Fotocopia do Documento nacional de identidade.
- Fotocopia da titulación reflectida na base terceira, letra c.
- Declaración xurada (anexo II).
- Fotocopia compulsada do documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 3 ou equivalente.
- Xustificante de pagamento das taxas por dereito de exame para participación no proceso selectivo.

- Certificado ou informe médico.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)
RELGA.MU-2000/175 CF-F-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

En.....,de de 201--
(O INTERESADO),

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU-2000/175 CF F1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO II. TEMARIO

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Estructura e principios xerais. Os dereitos fundamentais na Constitución Española. O modelo económico da Constitución. O tribunal Constitucional. A reforma da constitución. O defensor do pobo.

Tema 2.- A organización do estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. Sucesión e rexencia. As atribucións do Rei. O refrendo. As Cortes Xerais: composición, atribucións e funcionamento.

Tema 3.- A organización territorial do Estado na Constitución. As Comunidades Autónomas. A administración local: principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local.

Tema 4.- O estatuto de autonomía de Galicia. Organización e competencias. Institucións de Galicia.

Tema 5.- A Administración e o dereito administrativo. As fontes do dereito administrativo. A lei e as normas do goberno con forza de lei. O regulamento e a potestade regulamentaria.

Tema 6.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Requisitos: motivación e forma. Eficacia e validez dos actos administrativos. A notificación e publicación dos actos administrativos.

Tema 7.- O procedemento administrativo. Os interesados no procedemento. Fases do procedemento administrativo xeral: iniciación, ordenación, instrución, terminación e execución. O silencio administrativo.

Tema 8.- Revisión dos actos en vía administrativa: revisión de oficio e recursos administrativos.

Tema 9.- A administración local: entidades que a integran. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños.

Tema 10.- A organización municipal: os municipios de gran poboación e os municipios de réxime común. Órganos necesarios nos municipios de réxime común: o Alcalde, os tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios nos municipios de réxime común: comisións informativas e outros órganos. Os grupos políticos.

Tema 11.- As competencias municipais: sistemas de determinación. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.

Tema 12.- A provincia. Organización Provincial e competencias.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

RELGA.MU-2000/175 CF P-1504400A

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Tema 13.- Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen a varios municipios. As áreas metropolitanas. As entidades locais de ámbito inferior ao municipio. Os consorcios.

Tema 14.- Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno nos Concellos. Convocatoria e orde do día. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos.

Tema 15.- Ordenanzas, regulamentos e bandos. Procedementos de elaboración e aprobación.

Tema 16.- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamiento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: Os contratos administrativos: concepto, clases, regulación e réxime xurídico. Elementos: suxeito, obxecto, causa e forma. A selección do contratista. Procedementos, formas e criterios de adxudicación. Prerrogativas da Administración. Execución, modificación e extinción. Cesión dos contratos e subcontratación.

Tema 17.- O persoal ao servizo da Administración local: funcionarios, persoal laboral e persoal eventual. Réxime xurídico: dereitos e deberes.

Tema 18.- Concepto de documento, rexistro e arquivo. Funcións do rexistro e do arquivo. Clases de arquivos. Especial consideración do arquivo de xestión.

Tema 19. Análise documental: documentos oficiais. Formación do expediente. Documentación de apoio informativo. Criterios de ordenación do arquivo. O arquivo como fonte de información: servizos do arquivo.

Tema 20.- O Orzamento Xeral das Entidades Locais. Principios e documentos de que consta. Procedemento de elaboración e aprobación. Principios xerais de execución. Modificacións orzamentarias: clases.

Tema 21.- Os bens das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens de dominio privado. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens.

Tema 22.- As Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As ordenanzas fiscais.

Malpica de Bergantiños a 05.03.2018.

O alcalde

Eduardo José Parga Veiga